

Prazo de matrícula libre 2021

DO 10 AO 26 DE MARZO

A aplicación web pechará o 26 de marzo ás 12.00,
e o prazo de entrega online de toda a documentación
requirida será ata as 14.00 h

[ENLACE A MATRÍCULA](#)

DOCUMENTACIÓN

- preferiblemente **escaneada** ao correo da escola:
eoimonforte@edu.xunta.es ou
- **presencialmente** na Secretaría da EOI en Monforte
(Rúa Calvo Sotelo, 65)

- **1 foto** (alumnado novo ou con antigüidade superior a 3 anos)
- Fotocopia **DNI** (NIE no caso de estranxeiros - non será válido o pasaporte)
- [Xustificante de pagamento dos prezos públicos](#)
- [Información sobre efectos de documentación pendente](#)
- No caso de alumnado **PROCEDENTE DOUTRA EOI**, terá que aportar unha **certificación académica** da EOI de orixe.
- Alumnado **MENOR DE 16 ANOS a 31 decembro de 2021**, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2020/2021, expedido polo centro onde estea matriculado consonte ó modelo do [anexo 2](#).
- [Declaración xurada de non estar matriculado noutra EOI como alumno oficial](#)
- [Alumnado con necesidades especiais que precise adaptación de probas anexos 3 e 4 debidamente cubertos](#).

ACCESO ÁS PROBAS

Alumnado libre:

Pódense matricular nas probas de idiomas que cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 16 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2021.

Pódense matricular nas probas dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 14 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2021.

Non é necesaria superar o exame dun nivel inferior para poder presentarse a un superior. *No caso de nivel C2 esta proba administrárase unicamente para o alumnado presencial e o alumnado dos cursos CALC e dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI.*

Non se pode estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

O alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2020-2021 deberá presentar un certificado de estudos da EOI de orixe.

O alumnado libre que supere a proba de certificación de nivel básico, intermedio ou avanzado poderá incorporarse ó primeiro curso do nivel seguinte do réxime oficial presencial en calquera EOI, sempre que obteña praza seguindo o procedemento de preinscrición e matrícula que se estableza.

A modalidade libre só permite un **único exame en xuño, non hai convocatoria de extraordinaria de setembro.**

Alumnado procedente do Programa CUALE:

O alumnado procedente dos cursos CUALE 2020-2021 que se matricule para as probas de certificación **disporá de dúas convocatorias (xuño e setembro)** para superar a proba, unicamente no idioma cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

Incompatibilidades: ***Non se poderán matricular e examinar das probas:***

- Aquelas persoas que participasen na súa elaboración e configuración final.
- O profesorado que imparta docencia nunha EOI (ou impartira, no caso de profesorado interino ou substituto nalgún momento do curso 2020-2021), non se poderá matricular na súa escola.
- O profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá examinar en ningunha EOI de Galicia para o idioma que imparte.
- O persoal non docente no curso 2020-2021 non se poderá matricular na súa escola ou sección.

Reclamación ás cualificacións das probas: Toda a información atópase nas [GUÍAS DO CANDIDATO](#).